

# Gramática. A COMUNICACIÓN

## Que é a comunicación?

As persoas necesitamos comunicarnos, é dicir, precisamos facerles saber aos demais o que pensamos, o que queremos, como nos sentimos, o que nos fai falta... O proceso a través do cal intercambiamos información cos demais chámase comunicación.

- Cando nos comunicamos uns cos outros?
- Quen foi a primeira persoa con quen te comunicaches hoxe? Que lle fixeches saber?



## Formas de comunicarnos

As persoas temos moitas formas de comunicarnos:

- Con xestos. Por exemplo, cando sinalamos co dedo algo que queremos.
- Con imaxes. Por exemplo, cando a cruz vermella nos indica onde hai un posto sanitario.
- Con sons. Por exemplo, cando o son dunha sirena nos avisa do paso dunha ambulancia.
- Coa linguaxe, é dicir, falando e escribindo.

- 2** Clasifica as ilustracións segundo a forma de comunicación que se utiliza en cada caso. Despois, explica que se comunica no primeiro debuxo a través da linguaxe escrita.



XESTOS ►



IMAXES ►



SONS ►

- 3** PARA PENSAR. Le, reflexiona e responde. Que forma de comunicación debe utilizar Sabela en cada caso? Por que?



## Rescate na montaña

Sabela é garda forestal. Hoxe un excursionista quedou atrapado nun barranco. Sabela avisárao do perigo desde lonxe, pero o excursionista non a oíra. Daquela, Sabela chamou o equipo de rescate e, desde abaxo, indicoulles aos tripulantes do helicóptero onde se atopaba o excursionista.

O rescate foi un éxito. Pero Sabela decidiu informar a todo o mundo do perigo do barranco para que non volvese pasar.

- Para advertirle desde lonxe ao excursionista que existía un perigo.
- Para avisar o equipo de rescate.
- Para indicarles o lugar exacto aos tripulantes do helicóptero.
- Para informar a todo o mundo do perigo do barranco.

# Gramática. A LINGUAXE E AS LINGUAS

## Como nos comunicamos?

As persoas falamos cos demais para expresar as nosas opinións, ideas, sentimentos... Cando nos comunicamos facémolo, sobre todo, por medio da linguaxe. Utilizamos a linguaxe cando falamos cos demais e tamén cando escribimos.

- Que sistema utilizamos especialmente para nos comunicar?
- En que situacións empregaches hoxe a linguaxe? Pon dous exemplos.



## Hai moitas linguas

Ao falar ou escribir utilizamos unha lingua determinada: árabe, español, inglés, galego...

No mundo hai moitas linguas diferentes, como o alemán, o chinés ou o francés. Para que dúas persoas se poidan entender, é importante que ambas dominen unha lingua común.

En España fálanse varias linguas: galego, castelán, éuscaro, catalán...

### 3 Escribe estas palabras en dúas linguas diferentes que coñezas.

- caderno
- chuvia
- libro
- auga

### 4 Di en que lingua están escritas as frases que aparecen entre comiñas («»).

Despois, substitúeas polas correspondentes en galego.



## Campamento de verán

«Good morning, children!». Así comezou o meu campamento de verán en Londres. Alí coñecín a Sophie, unha rapaza moi simpática de París que sempre me dicía «Ça va bien?». Ao principio non a entendía, pero o meu amigo Carlos explicoume: «Te pregunta cómo estás». Desde aquela, eu sempre respondía: «Très bien, merci!». Paseino moi, moi ben!

Como estás?

Bo día, rapaces!

Pregúntache como estás.

Moi ben, grazas!

**Gramática.** SONS E LETRAS

Os sons

Cando falamos cos demais para nos comunicar, emitimos sons.

Non todos os sons son iguais. Hai dous tipos de sons: as vogais, que son os sons *a*, *e*, *i*, *o*, *u*; e as consoantes, que son todos os outros sons (*m*, *f*, *r*, *l*, *s*...).



- Cando emitimos sons?
  - Cantas vogais ten o teu nome? E consoantes?

## As letras

Cando escribimos, representamos os sons con letras. En galego hai 23 letras: 5 vogais e 18 consoantes. Todas as letras, ordenadas, forman o abecedario ou alfabeto: a, b, c, d, e, f, g, h, i, l, m, n, ñ, o, p, q, r, s, t, u, v, x, z.


Normalmente, cada letra representa un único son. Pero algunas letras representan dous sons diferentes. Por exemplo, a letra c de casa representa un son diferente da letra c de cen.

Ás veces, dúas letras xuntas representan un único son. Trátase dos dígrafos: *ch*, *gu*, *ll*, *nh*, *qu* e *rr*.

**1** Escribe as letras que faltan no abecedario e arrodea de vermello as vogais.



**3** Completa en cada caso coa palabra que ten dígrafo.

- A meu pai picóuselle unha roda do . ► camión/coche
  - Gústame moito o  con mel. ► iogur/queixo
  - O raposo pasou a escape polo . ► camiño/carreiro

**4** Observa e contesta.



hamaca



helicóptero

- Cantas letras ten cada palabra? E sons?
  - Cal é a letra que non representa ningún son nestas palabras?

# Gramática. O XÉNERO DOS SUBSTANTIVOS

## Os substantivos teñen xénero

Os substantivos teñen xénero: poden ser masculinos ou femininos.

Os substantivos masculinos poden levar diante palabras como *o* ou *un*. Por exemplo: *o lapis*, *un libro*.

En cambio, os substantivos femininos poden levar diante palabras como *a* ou *unha*. Por exemplo: *a goma*, *unha folla*.

- Como poden ser os substantivos segundo o xénero?
- Que palabras poderían ir diante do substantivo *mesa*? E do substantivo *nariz*?



## Formación do feminino

Hai substantivos que teñen unha forma para o masculino e outra para o feminino. Por exemplo: *gato* (masculino) / *gata* (feminino). O feminino adoita formarse do seguinte xeito:

- Engadíndolle un **-a** á forma do masculino (*señor/señora*).
- Cambiando o **-o** ou o **-e** final do masculino por un **-a** (*médico/médica; mestre/mestra*).

Algúns substantivos teñen a mesma forma para o masculino e o feminino, como *tartaruga* ou *elefante*. Outros utilizan unha palabra diferente para cada xénero, como *home/muller*.

### 3 Volve escribir este texto cambiando o xénero dos substantivos destacados.



## Comprando no mercado

Ao meu **padriño**, que é **pediatra**, gústalle ir ao mercado. Adoita comprarlle ao **carniceiro** chourizos e filetes de **carneiro**. Despois colle laranjas no posto da **froiteira** e visita a panadaría, onde o **dependente** é un **home** moi amable. Sempre lle regalan caramelos, pois é un gran **cliente!**

### 4 Escribe dous substantivos que teñan a mesma forma para o masculino e o feminino.

### 5 Relaciona e forma parellas cun substantivo masculino e un feminino.

#### SUBSTANTIVOS MASCULINOS

cabalo      xenro  
boi            actor

#### SUBSTANTIVOS FEMININOS

nora           vaca  
egua          actriz

# Gramática. O NÚMERO DOS SUBSTANTIVOS

## Os substantivos teñen número

Os substantivos teñen número: poden estar en singular ou en plural.

Os substantivos que están en singular nomean un só ser ou obxecto. Por exemplo: *farol*.

Os substantivos que están en plural nomean máis dun ser ou obxecto. Por exemplo: *farois*.

- Que tipos de substantivos hai segundo o número?
- Carpeta está en singular ou en plural? E *nubes*?



## Formación do plural

Os substantivos poden formar o plural de varios xeitos, áinda que os más habituais son os seguintes:

- Se o substantivo acaba en vogal ou en -n, engade un **-s** (*casa/casas; irmán/irmáns*).
- Se o substantivo acaba en consoante distinta de -n, engade **-es** (*señor/señores; rapaz/rapaces*).

Hai algúns substantivos que teñen a mesma forma para o singular e para o plural, como *martes*.



### 2 Escribe en plural os substantivos destacados do texto.



## Por fin chegaron as festas!

Que ganas tiña de que chegasen as festas do meu **barrio**! Mañá pola mañá asistirei ao **espectáculo** de monicreques co meu **curmán** Daniel. Despois iremos ao **xantar** popular, que se servirá nun **lugar** próximo ao **río**. Á **tardiña** escoitaremos o **grupo Furacán**, no que toca a **irmá** de Fiz. Que ben o imos pasar!

### 3 Fixate nos exemplos e forma o plural de cada substantivo.

-s		-es		-is	
man	<i>mans</i>	sol	<i>soles</i>	xornal	<i>xornais</i>
sofá		actor		candil	
rei		réptil		farol	

### 4 Completa cos substantivos que teñen a mesma forma en singular e en plural.

- O próximo    iremos ao Museo da Ciencia. ► luns/mes
- Afonso gardou o    na mochila. ► estoxo/lapis
- Sabela meteu o    no caixón. ► abrelatas/garfo

# Gramática. O ARTIGO

## O artigo

Os substantivos adoitan levar diante outras palabras. Por exemplo, dicimos *o rapaz*, *unhas flores*... As palabras *o* e *unhas* son artigos e anuncian a presenza dun substantivo.

Os artigos sempre van diante do substantivo e serven para concretalo ou determinalo. Os artigos poden ser determinados ou indeterminados.

- Os artigos determinados acompañan substantivos que nomean persoas, animais e cousas xa coñecidos. Por exemplo: *o gato*, *a pelota*.
- Os artigos indeterminados acompañan substantivos que nomean persoas, animais e cousas non coñecidos. Por exemplo: *un libro*, *unha bolboreta*.
- Que tipo de palabras adoitan acompañar os artigos?
- Que tipo de artigos hai? Pon un exemplo de cada tipo.



## Formas do artigo

	Singular		Plural	
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
Artigos determinados	<i>o</i>	<i>a</i>	<i>os</i>	<i>as</i>
Artigos indeterminados	<i>un</i>	<i>unha</i>	<i>uns</i>	<i>unhas</i>

### 1 Escribe un substantivo axeitado para cada forma do artigo.

- *o* \_\_\_\_\_
- *unha* \_\_\_\_\_
- *uns* \_\_\_\_\_
- *a* \_\_\_\_\_
- *os* \_\_\_\_\_
- *as* \_\_\_\_\_
- *un* \_\_\_\_\_
- *unhas* \_\_\_\_\_

### 2 Subliña os artigos do texto e arrodea os substantivos que acompañan.



### Amar a natureza

O veciño de Alberte é voluntario forestal. O mes pasado, axudado por uns compañeros, estivo repoboando os bosques que se incendiaron durante as vacacións de verán. Agora está organizando unha campaña de prevención de incendios. Este home é todo un exemplo de como amar a natureza!

### 3 Completa as oracións substituíndo o símbolo pola forma do artigo que corresponda.

▼ Artigo determinado

● Artigo indeterminado

- Xa lin ▼ libros que me deixaches sobre ▼ cambio climático.
- ● día que vaia sol organizaremos ● festa para celebrar o teu premio.
- Xacobe foi a ● tenda de roupa ▼ sábado pola tarde e viu a ● amigos do colexió.
- Mercamos ● camisetas de recordo para ▼ curmás de Uxío.

# Ortografía. AS CONTRACCIÓNS DO ARTIGO

Que dous termos forman a palabra **do?**  
E a palabra **pola?**



As palabras **a, con, de, en e por**, cando se atopan cos artigos **o, a, os e as**, únense a eles e forman as palabras **ao, á, aos, ás; co, coa, cos, coas; do, da, dos, das; no, na, nos, nas; e polo, pola, polos, polas.**

As palabras **con, de e en**, cando se atopan cos artigos **un, unha, uns e unhas**, únense a eles e forman as palabras **cun, cunha, cuns, cunhas; dun, dunha, duns, dunhas; e nun, nunha, nuns, nunhas.**

Estas unións denomináñanse **contraccións**.

- 1 Localiza no texto as palabras do cadro. Despois, di que contracción vai diante de cada unha e cales son as palabras que a forman.

homes veciños despacho vila aforas cidadán traballo

## Un premio merecido

O tío Martiño é un dos homes más queridos polos veciños da vila. Traballa como avogado nun despacho nas aforas e, no seu tempo libre, dedícase a axudar as persoas necesitadas. Hoxe o concello entregáralle o premio ao cidadán máis solidario polo traballo desinteresado que fai. É un veciño exemplar!



- 3 Escribe as contraccións que faltan no cadro e completa as oracións coas formas axeitadas.

	un	unha	uns	unhas
de	dun		duns	
con		cunha		cunhas
en	nun			

- Sara vive  vila de Ourense.
- Na fin de semana foi de excursión  amigos.
- Reuníronse para falar  asunto urxente.

- 5 DITADO. Prepara o ditado para facelo no caderno.

Fíxate nas contraccións.

## Xardín urbano

O veciño de Emilio mudouse ao ático coa idea de facer un xardín urbano na terraza. Agora, a hedra rube polas paredes e a lavanda mestúrase co anís e coa menta, enchendo o aire dun agradable recendo. A roseira que medra nunha esquina tingue a pedra dunha cor intensa. É un xardín precioso!



# Ortografía. PALABRAS CON B

Di dúas palabras con **b** e fixate se esa letra vai a carón dunha consoante.



Escríbese **b** nos seguintes casos:

- Diante de **r**. Exemplo ► *abril*.
- Diante de **l**. Exemplo ► *moble*.
- Despois de **m**. Exemplo ► *lombo*.

**2** Di que palabra de cada parella se escribe con **b** e explica como o soubéches.



gai\*ota



co\*ra



impermea\*le



in\*ento



tam\*or



\*iolín

**3** Completa con **br**, **bl** ou **mb**, segundo corresponda.

- \*eixo de maior quere ser bo\*eiro e Xulia, bi\*iotecaria.
- O último li\*o que lin titúlase *A incris\*e viaxe do e\*aixador da China*.
- Sara comprou un a\*igo que co\*ina de forma agrada\*e a cor \*anca e a azul.
- Nese restaurante utilizan \*asas para cociñar as súas apeteci\*es ha\*urguesas.

**6 DITADO.** Prepara o ditado para facelo no caderno.

Fíxate nas palabras que levan **b**.

## Unha ensalada boísima

Brais fixo unha ensalada ben orixinal. Leva cogombro, tomate, leituga, brotes de bambú, grans de millo doce, brócoli cocido, lombarda e gambas peladas. Aderezouna cun prebe moi rico de aceite, framboesa e figo chumbo. Así preparou un prato que, ademais de estar boísimo, é moi saudable!



# Ortografía. PALABRAS CON H

Coñeces algunha  
palabra en galego  
que comece  
coa letra **h**?



Escríbense con **h** os seguintes termos:

- Todas as formas do verbo *haber*.  
Exemplos ► *hai, haxas, hei, houbemos, habería*.
- Moitas outras palabras como *hoxe, home, hora, herba, heroe*, etc.

## 2 Completa as letras que faltan para formar en cada caso unha palabra da mesma familia ca a que se indica.

- hábito ► hual
- hoe ► heroico
- horta ► hiza
- hnía ► harmonioso
- herba ► hvoro
- hene ► hixiénico

## 3 Completa as seguintes oracións con formas do verbo *haber*.

- Xa h moito tempo que non te vía.
- Onte tropezou e hacer polas escaleiras.
- Cres que mañá habreiras suficientes para a festa?

## 5 Arrodea. Que palabras non levan **h** en galego, pero si en castelán?

- oliveira
- ombreiro
- oco
- irmán
- óso
- ovos
- arpa

## 6 DITADO. Prepara o ditado para facelo no caderno.

Fíxate nas palabras que levan **h**.

### Un barrio moderno

Helena contoulle a Henrique a historia do seu barrio. Antigamente era un lugar case abandonado, cuberto de hedras, cheo de humidade e con moitas hortas descoidadas. Pero desde que o rehabilitaron é un lugar con moitos habitantes e cheo de vida. Ata ten varios hoteis e un hospital!

